

ACTA Nº2 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR “Programa de Formación-Emprego Talento Mozo: Xuventude II”**SESIÓN DO 09/09/2026****Asistentes:**

Presidente: Martín Blanco Buceta

Secretaria: María Mariño Poza

Vogal 1: Margarita Sampedro Mariño

Vogal 2: M^a Aurora Rodríguez ReyVogal 3: M^a Begoña Oliveira Sanisidro

No salón de plenos da Casa Consistorial, sendo as 8:30 horas do 09/09/2026, reúnen-se os membros do tribunal designado para a selección de 16 alumnos/as traballadores/as do “Programa de Formación-Emprego Talento Mozo: Xuventude II”.

As bases reguladoras deste proceso de selección son as aprobadas por resolución de alcaldía de data de 05/08/2026.

O obxecto desta sesión é a resolución das alegacións presentadas ás puntuacións outorgadas na fase da proba oral e á valoración provisional da documentación presentada na fase de baremo de selección, e a asignación das puntuacións definitivas e, finalmente, realizar a proposta de contratación.

1.- ALEGACIÓNS PRESENTADAS E RESOLUCIÓN DAS MESMAS.

Dentro do prazo establecido nas bases reguladoras presentáronse dúas alegacións, que son examinadas polo tribunal en relación con cada un dos extremos formulados.

1.1- Alegación presentada polo candidato Erik Vázquez Muñiz

Presenta escrito de alegacións onde solicita que se lle revise a puntuación da proba oral, da formación académica, da categoría profesional e da valoración da permanencia en desemprego.

1.1.1.- Apartados de categoría profesional e de permanencia en desemprego: Unha vez revisada a documentación, conséntase que o apuntamento máis recente na súa vida laboral é coa Universidade de Vigo e que corresponde a prácticas formativas non remuneradas, polo que non se debe de ter en conta para a baremación de currículo, e sí a anterior, unha relación laboral dende o 05/06/2019 ao 14/08/2026 co grupo de cotización 9.

Por todo o anterior, o tribunal acorda estimar a alegación presentada en relación á puntuación outorgada nos apartados de categoría profesional e de permanencia en desemprego, e modificar as puntuacións asignadas inicialmente neses apartados pasando de 5,5 puntos a 7 puntos na puntuación total do baremo de selección segundo o seguinte detalle:

Concepto	IDADE	PTOS EXP. LAB	Tº DESEM	F. ACD	CAT P.	PE/OB 5ANOS	TOTAL
Puntuación inicial	2	0,5	0,5	0	0	2,5	5,5
Puntuación final	2	0,5	1	0	1	2,5	7



1.1.2.- Formación académica: De conformidade coa base 7.2.4 a titulación acreditada pola persoa candidata é de Grao universitario. Esta titulación non se corresponde con ningún dos supostos puntuables previstos, polo que procede manter a puntuación de 0 puntos.

En consecuencia, o tribunal acorda desestimar a alegación neste extremo e manter a puntuación inicialmente outorgada de 0 puntos no apartado de formación académica.

1.1.3.- Proba oral:

En relación coa puntuación obtida na proba oral, o tribunal procede á revisión da documentación e das anotacións correspondentes á entrevista realizada ao candidato.

Esta proba foi realizada conforme a base 7.1 e mediante as preguntas previamente aprobadas polo tribunal con anterioridade á realización da mesma, co obxectivo de avaliar o interese das persoas desempregadas en participar no proxecto, as súas aptitudes, actitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo e a adaptabilidade á oferta do posto relativa a xardinería.

Con carácter previo á realización desta proba, o tribunal de selección aprobou o guión de preguntas que se empregaría na proba, así como os factores de valoración e a súa ponderación, nos termos establecidos nas bases e segundo se recolle nesta acta.

a) O guión de preguntas aprobadas previamente polo órgano de selección foi o seguinte:

1. Coñeces o obxectivo deste Programa de Emprego e a súa especialidade? Que esperas aprender nel?
2. Que che motiva a participar neste Programa de Emprego e como cres que pode axudarche no teu futuro laboral?
3. Tes algunha experiencia, formación ou coñecemento relacionado coa xardinería?
4. Cal é a túa dispoñibilidade para participar no programa? Como valoras a importancia do compromiso e da puntualidade?
5. Como te desenvolves traballando en equipo? Como reaccionas cando tes que seguir instrucións ou indicacións?

b) Procedemento:

O órgano de selección formulou as preguntas previamente aprobadas, na mesma orde e utilizando substancialmente o mesmo contido.

Podéronse realizar preguntas de aclaración cando fose necesario para concretar ou aclarar unha resposta.

A valoración realizouse atendendo ás respostas efectivamente proporcionadas durante a proba e a indicadores observables, entre os que se incluían:

- identifica correctamente a finalidade do programa
- explica motivos concretos para participar
- describe experiencias ou coñecementos relacionados coa xardinería
- manifesta dispoñibilidade compatible co programa
- explica como actuaría ante unha instrución ou corrección
- describe experiencias de traballo en equipo



- mostra comprensión das preguntas e capacidade para expresar solucións

A puntuación final da proba obtívose mediante a suma das puntuacións correspondentes aos catro factores: interese + aptitude + actitude + capacidade, cun máximo de 5 puntos.

A valoración dunha mesma resposta en máis dun factor responde á análise de diferentes dimensións da mesma, sen que iso implique unha dobre valoración do mesmo elemento.

c) Estrutura da valoración

Os cinco bloques de preguntas distribuíronse entre os catro factores do seguinte xeito:

Factor	Bloques de preguntas que se valoran principalmente	Máximo
Interese	1 e 2	1,25
Aptitude	3	1,25
Actitude	4 e 5	1,25
Capacidade	3 e 5	1,25
TOTAL		5,00

Unha vez realizadas as preguntas, e atendendo ás respostas proporcionadas polas persoas candidatas, o tribunal acordou, por unanimidade, as puntuacións correspondentes a cada un dos factores.

Concretamente, o detalle da puntuación do candidato Erik Vázquez Muñiz foi o seguinte:

Factor	Puntuación	Fundamentación resumida
Interese	0,5	Coñece a especialidade e manifesta intención de aprender, pero a súa motivación explícita é fundamentalmente obter ingresos estables durante 12 meses, sen concretar interese profesional pola xardinería nin relación desta formación co seu futuro laboral.
Aptitude	0,3	Non acredita formación, experiencia ou coñecementos de xardinería. Manifesta disposición para aprender, pero non achega evidencias específicas de aptitude para a especialidade.
Actitude	0,5	Manifesta dispoñibilidade e experiencia positiva no traballo en equipo, así como disposición para seguir instrucións. A existencia doutros compromisos introduce unha limitación de dispoñibilidade.
Capacidade	1	Comprende as preguntas, responde adecuadamente e manifesta experiencia no traballo en equipo e disposición para seguir instrucións. Non obstante, as respostas son breves e non achega exemplos suficientes para unha valoración superior.
TOTAL	2,3	

Revisada novamente a documentación e as anotacións correspondentes á proba oral, o tribunal non aprecia erro material, aritmético nin aplicación incorrecta dos criterios establecidos nas bases, nin elementos que xustifiquen a modificación da puntuación inicialmente outorgada.

En consecuencia, o tribunal acorda desestimar a alegación formulada neste extremo e manter a puntuación de 2,30 puntos na proba oral.



1.2.- Alegación presentada polo candidato Miguel Teixeira Barcala

Presenta escrito onde expresa que non está de acordo coa puntuación outorgada e solicita que se lle corrixa a puntuación do apartado 5 (categoría profesional), se lle remita a documentación e información necesaria relativa á proba oral e solicita suspensión de prazo para formular alegacións de maneira fundamentada.

1.2.1.- Categoría profesional

Revisada a documentación constátase que a relación laboral que consta no seu informe de vida laboral dende o 22/12/2025 ao 05/01/2026 foi no grupo 09 e non o 8, polo que o tribunal acorda estimar a alegación presentada neste extremo e modificar a puntuación inicialmente outorgada de 0,50 puntos no apartado de categoría profesional a 1 punto, polo que a puntuación total do baremo de selección inicialmente de 6,00 puntos pasa a ser de 6,50 puntos, conforme ao seguinte detalle:

Concepto	IDADE	PTOS EXP. LAB	Tº DESEM	F. ACD	CAT P.	PE/OB 5ANOS	TOTAL
Puntuación inicial	1	0,5	0,5	1	0,5	2,5	6
Puntuación final	1	0,5	0,5	1	1	2,5	6,5

1.2.2.- Proba oral

En relación coa puntuación obtida na proba oral, o tribunal procede á revisión da documentación e das anotacións correspondentes á entrevista realizada ao candidato.

Esta proba foi realizada conforme a base 7.1 e mediante as preguntas previamente aprobadas polo tribunal con anterioridade á realización da mesma, co obxectivo de avaliar o interese das persoas desempregadas en participar no proxecto, as súas aptitudes, actitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo e a adaptabilidade á oferta do posto relativa a xardinería.

Con carácter previo á realización desta proba, o tribunal de selección aprobou o guión de preguntas que se empregaría na proba, así como os factores de valoración e a súa ponderación, nos termos establecidos nas bases e segundo se recolle nesta acta.

a) O guión de preguntas aprobadas previamente polo órgano de selección foi o seguinte:

1. Coñeces o obxectivo deste Programa de Emprego e a súa especialidade? Que esperas aprender nel?
2. Que che motiva a participar neste Programa de Emprego e como cres que pode axudarche no teu futuro laboral?
3. Tes algunha experiencia, formación ou coñecemento relacionado coa xardinería?
4. Cal é a túa dispoñibilidade para participar no programa? Como valoras a importancia do compromiso e da puntualidade?
5. Como te desenvolves traballando en equipo? Como reaccionas cando tes que seguir instrucións ou indicacións?

b) Procedemento:

O órgano de selección formulou as preguntas previamente aprobadas, na mesma orde e utilizando substancialmente o mesmo contido.

Podéronse realizar preguntas de aclaración cando fose necesario para concretar ou aclarar unha resposta.



A valoración realizouse atendendo ás respostas efectivamente proporcionadas durante a proba e a indicadores observables, entre os que se incluían:

- identifica correctamente a finalidade do programa
- explica motivos concretos para participar
- describe experiencias ou coñecementos relacionados coa xardinería
- manifesta dispoñibilidade compatible co programa
- explica como actuaría ante unha instrución ou corrección
- describe experiencias de traballo en equipo
- mostra comprensión das preguntas e capacidade para expresar solucións

A puntuación final da proba obtívose mediante a suma das puntuacións correspondentes aos catro factores: interese + aptitude + actitude + capacidade, cun máximo de 5 puntos.

A valoración dunha mesma resposta en máis dun factor responde á análise de diferentes dimensións da mesma, sen que iso implique unha dobre valoración do mesmo elemento.

c) Estrutura da valoración

Os cinco bloques de preguntas distribuíronse entre os catro factores do seguinte xeito:

Factor	Bloques de preguntas que se valoran principalmente	Máximo
Interese	1 e 2	1,25
Aptitude	3	1,25
Actitude	4 e 5	1,25
Capacidade	3 e 5	1,25
TOTAL		5,00

Unha vez realizadas as preguntas, e atendendo ás respostas proporcionadas polas persoas candidatas, o tribunal acordou, por unanimidade, as puntuacións correspondentes a cada un dos factores.

Concretamente, o detalle da puntuación do candidato Miguel Teixeira Campaña foi o seguinte:

Factor	Puntuación	Fundamentación resumida
Interese	0,8	Manifesta que lle gusta e quere aprender xardinería. Non desenvolve a finalidade de inserción nin concreta a súa repercusión laboral.
Aptitude	0,5	Non refire formación nin experiencia en xardinería; só manifesta interese (valorado no item anterior) e un contacto indirecto coa actividade.
Actitude	0,5	Manifesta dispoñibilidade e actitudes favorables sobre traballo en equipo e seguimento de instrucións. As súas respostas non transmiten nivel de compromiso suficiente.
Capacidade	0,5	Comprende e responde ás cuestións de maneira básica, as respostas son moi breves, polo que non queda acreditado un nivel medio de capacidade.



TOTAL

2,3

Revisada novamente a documentación e as anotacións correspondentes á proba oral, o tribunal non aprecia erro material, aritmético nin aplicación incorrecta dos criterios establecidos nas bases, polo que acorda desestimar a alegación neste extremo e manter a puntuación inicialmente outorgada de 2,30 puntos.

1.2.3.- Solicitud de acceso á documentación

En relación coa solicitude de acceso á documentación relativa á proba oral, o tribunal acorda facilitar ao interesado o acceso á documentación do expediente que resulte necesaria para o exercicio dos seus dereitos e, en particular, aos elementos que fundamentaron a valoración da súa propia proba

O acceso poderá efectuarse mediante comparecencia presencial no Departamento de Persoal do Concello, de luns a venres, en horario de 08:00 a 14:00 horas, previa cita.

1.2.4.- Petición da suspensión do prazo concedido.

En relación coa solicitude formulada polo interesado, o tribunal toma en consideración que o prazo concedido para formular alegacións se atopa establecido no marco do presente proceso selectivo e debe conciliarse cos prazos previstos para a posta en marcha do programa.

De acordo coa resolución de concesión da subvención, o inicio do “Programa de Formación-Emprego Talento Mozo: Xuventude II” está establecido para o 15/09/2026.

Considerando os prazos establecidos para a resolución do proceso selectivo e a incorporación das persoas seleccionadas ao programa, o tribunal acorda non acceder á solicitude de suspensión do prazo, sen prexuízo de garantir ao interesado o acceso ao expediente nos termos indicados no apartado anterior e o exercicio dos dereitos que lle correspondan.

1.2.5.- Certificado de discapacidade.

En relación coa documentación relativa á discapacidade achegada polo candidato, consta no expediente que na solicitude de participación non formulou petición específica de adaptación da proba e axustes razoables.

2.- PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS

Unha vez examinadas e resoltas as alegacións presentadas e efectuadas as modificacións correspondentes nos apartados indicados nesta acta, o tribunal procede á determinación das puntuacións definitivas do proceso selectivo.

De acordo co establecido nas bases reguladoras, o tribunal acorda aprobar as puntuacións definitivas das persoas candidatas, que figuran no ANEXO desta acta e que forman parte integrante da mesma.

3.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

O tribunal acorda propoñer a contratación das seguintes persoas como alumnado traballador do “Programa de Formación-Emprego Talento Mozo: Xuventude II:



Nº	NOME	TOTAL PUNTOS
----	------	-----------------



1	SERGIO TUBIO PIÑEIRO	12,8
2	DAMIAN SOBRADELO MATOSIAN	11,95
3	YOLANDA SOBRADELO SAAVEDRA	10,75
4	ALBA MARIÑO OLIVEIRA	10,7
5	SENEN GARCIA BAO	10,7
6	NEREA TRIÑANES CAMPAÑA	10,3
7	NOEMI CASTRO ROMERO	10,3
8	ANDREA GARCIA MUÑIZ	10
9	PAULA ORDOÑEZ RODRIGUEZ	10
10	JAVIER ALONSO TRIÑANES	9,4
11	JOSE PENA SANLES	9,4
12	ERIK VAZQUEZ MUÑIZ	9,3
13	ROI ABUIN VICENTE	9,3
14	ANTIA VARELA TORRES	9,2
15	JHON ALEXANDER RIOBO OCAMPO	9
16	MANUEL CERQUEIRAS GARCIA	9

Así mesmo, propónse ás persoas candidatas restantes que constan na listaxe anexa a esta acta, por orde decrecente de puntuación para o caso de non cumprimento de requisitos, renuncias ou baixas:

Nº	NOME	TOTAL PUNTOS
1	MIGUEL TEIXEIRA CAMPAÑA	8,8
2	PABLO LIJO VIDAL	8,7
3	MAURO ALCALDE COLLAZO	8,2
4	ALVARO ANDREY GONZALEZ SANTIAGO	8,1
5	ANABEL MUÑIZ TREUS	6,6

4.- ESPECIFICACIÓNS DO PROCESO SELECTIVO:

Rematado este proceso de selección, o Concello de Boiro remitiralle o resultado ao departamento territorial correspondente co obxecto de que esta verifique o cumprimento de todos os requisitos necesarios para participar no proxecto.

Se, como consecuencia da comprobación efectuada pola oficina de emprego ou polo departamento territorial competente, se constatase que algunha das persoas propostas non cumpre os requisitos esixibles, procederase á súa exclusión, mediante resolución do órgano competente, e á correspondente proposta de substitución pola seguinte persoa da listaxe de reserva que, por orde de puntuación e conforme ás bases, reúna os requisitos esixibles.



E non sendo máis os asuntos que tratar, dase por rematada a sesión cando son as 09:30 horas do día da data, do que eu, secretaria do tribunal dou fe.

Martín Blanco Buceta

María Mariño Poza

Margarita Sampedro Mariño

M^a Aurora Rodríguez Rey

M^a Begoña Olveira Sanisidro

ANEXO



Nº	Nome	IDADE (2)	PTOS EXP. LAB	Tº DESEM (1)	F. ACD (1)	CAT P. (1,5)	PE/OB SANOS (2,5)	TOTAL	PROBA ORAL	TOTAL PUNTOS
1	SERGIO TUBIO PIÑEIRO	2	0	0,5	2	1	2,5	8	4,8	12,8
2	DAMIAN SOBRADELO MATOSIAN	0,5	1	1	1	1,5	2,5	7,5	4,45	11,95
3	YOLANDA SOBRADELO SAAVEDRA	2	0	0,5	2	1	2,5	8	2,75	10,75
4	SENEN GARCIA BAO	2	0,5	0,5	0	1	2,5	6,5	4,2	10,7
5	ALBA MARIÑO OLIVEIRA	2	0,5	0,5	1	1	2,5	7,5	3,2	10,7
6	NEREA TRIÑANES CAMPAÑA	2	0,5	1	1	0,5	2,5	7,5	2,8	10,3
7	NOEMI CASTRO ROMERO	2	0	0,5	2	1	2,5	8	2,3	10,3
8	PAULA ORDOÑEZ RODRIGUEZ	2	0	0,5	0	1	2,5	6	4	10
9	ANDREA GARCIA MUÑIZ	2	0,5	0,5	1	0,5	2,5	7	3	10
10	JAVIER ALONSO TRIÑANES	1	0	0,5	1	1	2,5	6	3,4	9,4
11	JOSE PENA SANLES	2	0,5	1	2	1	2,5	9	0,4	9,4
12	ERIK VAZQUEZ MUÑIZ	2	0,5	1	0	1	2,5	7	2,3	9,3
13	ROI ABUIN VICENTE	1	1	1	1	1,5	2,5	8	1,3	9,3
14	ANTIA VARELA TORRES	2	0	1	1	0	2,5	6,5	2,7	9,2
15	MANUEL CERQUEIRAS GARCIA	2	0,5	0,5	1	1	0	5	4	9
16	JHON ALEXANDER RIOBO OCAMPO	1	0	0,5	1	1	2,5	6	3	9
17	MIGUEL TEIXEIRA CAMPAÑA	1	0,5	0,5	1	1	2,5	6,5	2,3	8,8
18	PABLO LIJO VIDAL	1	0	0,5	1	1	2,5	6	2,7	8,7
19	MAURO ALCALDE COLLAZO	1	0	0,5	1	1	0	3,5	4,7	8,2
20	ALVARO ANDREY GONZALEZ SANTIAGO	2	0	0,5	2	1	0	5,5	2,6	8,1
21	ANABEL MUÑIZ TREUS	2	0	0,5	2	1	0	5,5	1,1	6,6

